

## A parada dos monstros

[Francisco Vázquez Chantada](#)

9 de xaneiro de 2026

<https://www.nosdiario.gal/opinion/francisco-vazquez-chantada/parada-dos-monstros/20260109084029243958.html>

No ano 1932 estréase *Freaks* de Tod Browning, director que, fascinado polo mundo da fanfarra, fuxiu da casa para enrolarse de mozo nun circo ambulante. Xa adulto, quedou atrapado no alcol e noutros excesos da vida nocturna. Tras un accidente co seu coche, no que morreu o seu mellor amigo, volveuse un ser asociable e atormentado.

Despois de buscar polas feiras dos EUA, seleccionou unha morea de fenómenos de circo para convertelos en actores de cinema, protagonistas de si mesmos, exhibindo os seus corpos deformes.

Pola pantalla en branco e negro, de asombro en asombro, pululan seres varios, como o home metade, que carecía da metade inferior do seu torso; as siamesas Milly e Christine, xunguidas pola columna; a muller peluda, que máis tarde converteríase na famosa muller barbuda. Nesta antiga cinta do sétimo arte, completan o elenco de monstros, o home serpe, a Venus sen brazos, o esqueleto humano; Koo Koo, a muller ave, e un cuarteto de ananos.

O filme desafiante e perturbador colleitou toda caste de improperios e ningunha beizón. Declarada maldita, deixouse de exhibir e unha lenda urbana fixo afundir as bovinas da película nas augas dun río.

En España foi estreada un ano despois, o 10 de xaneiro de 1933, en plena República. En Inglaterra, prohibiuse a exhibición pública durante 30 anos.

Pasados os anos, un ambicioso empresario ianqui mercou a cinta e converteuna en negocio rendible, proxectándoa en autocines e tugurios de feira e baixo un preámbulo explicativo do seu especial contido. De aquí saltou a universidades e cineclubs, chegando ao fin ao Festival de Cannes nos anos 60, onde recibe a cualificación de obra mestra.

Saltamos agora da carpa e o cinema ao mundo real. Benvidos os derradeiros shows do progresismo e os avances sociais. Hai décadas asistimos á sinfonía final, á escena inconclusa dos xoguetes rotos do vello faiado do marxismo.

Na actualidade, a espiral da historia xira en retorno. Esta volta de porca que non é nova, aínda que lle chaman neofascismo. Unha *troupe* de fanfarra circense que percorre parte dos continentes. Son o cabalo de Troia que as regras do sistema democrático non poden prohibir.

Nesta nova *parada dos monstros*, o promotor e mestre de cerimonias, provén da mesmo país que a película de entreguerras. Un *sheriff* universal, un Custer laranxa, que nun exhibicionismo perverso de forza económica e poder militar, promociona e impulsa os movementos de extrema dereita. Na lei do Oeste, do *Wanted*, non existe a piedade.

Na exhibición de atrocidades do estado sionazi de Israel cun espectáculo de morte e desolación, na motoserra de Milei e os seus *zurditos*; na italiana Meloni, a muller rabuda; en Kast (non confundir co refresco) que pensa pasear polo Palacio de la Moneda cun convidado querido, a pantasma do xeneral Pinochet.

Agardan para aparecer en primeira liña de escena moitos meritorios máis... Le Pen, a muller cabalo, que predica na Francia o éxito do chauvinismo sen parangón. Alternativa por Alemaña, que presenta o tándem Alice e Chupalla, funambulistas do nacionalsocialismo. Na Gran Bretaña, Robinson (pseudónimo de Gaxley), que pretende recrear unha illa fascista na rubia Albión. E aquí, sacando peito dabondo, Abascal, 'o pechugas', restaurador da España do *aguilucho* imperial. De novo, unha e grande... o de libre, vén sendo un eufemismo retórico.

Os números repítense, país tras país, sen apenas variacións.

As personaxes sobreactúan, con discursos cheos de prexuizos racistas, de xénero e anticolonialismo. De odio ao outro, que se representa como ameaza. Mensaxes curtas que se retroalimentan coa repetición. Son salvagardas da tribo.

Un mapa particular de emocións e estratexias reiteradas que con enfoques provocadores, apelan aos valores máis retrógrados da sociedade e provocan enfado, ira e indignación en sectores desnortados, marxinados e nostálgicos do pasado.

Nesta historia patética, por xa vivida, a provocación e perversidade de *A parada dos monstros*, transfírese do espectáculo a cada vez maiores sectores novos da poboación que admiran e seguen consignas que proclaman o odio ao outro, ao distinto e o supremacismo do patrio.

P.S. Cando se escribiu este artigo aínda os secuaces da CIA e tropas de elite do *sheriff* universal non cometeran o atropelo de invadir Venezuela, asasinar a quen se lles puxo por diante e levar preso o presidente Maduro como a un delincuente.